

Resolución do 11 de decembro de 2023 pola que se convocan axudas de mobilidade dentro do Programa ERASMUS+ para o estudiantado da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

A USC convoca para o curso académico 2024/2025 axudas de mobilidade para diversas universidades europeas ao abeiro do Programa Erasmus+ dirixidas ao estudiantado da USC matriculado nun grao, dobre grao ou máster oficial de máis de 60 créditos ECTS.

De conformidade co art. 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e os recursos.

Esta convocatoria está suxeita á normativa do programa establecida polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC e ás seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA: OBXECTO, FINALIDADE E CONDICIÓNS

1.1. O **obxecto** da presente convocatoria é establecer as bases reguladoras do proceso de concesión de axudas de mobilidade ao abeiro do Programa Erasmus+ destinadas ao estudiantado da USC de grao, dobre grao e másteres oficiais de máis de 60 ECTS durante o curso 2024/2025.

1.2. A **finalidade** das axudas é ofrecer ao alumnado da USC a posibilidade de realizar estudos nas diversas universidades participantes no Programa Erasmus+ situadas en países da UE así como en países asociados ao programa coas que a USC teña suscrito o debido contrato institucional bilateral de intercambio. O Anexo I desta convocatoria recolle a lista desas universidades. En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria axudas de mobilidade en institucións distintas ás recollidas no Anexo I e o estudiantado só poderá realizar a súa mobilidade nalgunha das prazas coordinadas polo seu centro. O estudiantado de máster só poderá optar ás prazas ofertadas especificamente para o seu máster.

1.3. O estudiantado matriculado en **dobres titulacións** será asignado por defecto ao centro coordinador da súa titulación e poderá optar aos destinos que oferte ese centro. Isto non obstante, durante o período de emenda de solicitudes, este estudiantado poderá solicitarlle á Oficina de Mobilidade que o asigne ao segundo centro que intervéen na titulación, podendo deste xeito optar só as prazas deste segundo centro. Polo tanto, o estudiantado de dobres titulacións terá que optar polos destinos do centro coordinador da titulación ou do segundo centro que intervéen na titulación antes da adxudicación de destinos.

1.4. Os estudos realizados na universidade de acollida serán plenamente recoñecidos pola USC de conformidade co establecido no acordo de estudos e pasarán a formar parte do expediente académico do estudiantado na USC. O **recoñecemento** só se denegará se o alumnado non acadara o nivel requirido na institución de acollida ou non cumpre, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento. O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos da USC.

1.5. **Duración da mobilidade:** O estudiantado poderá cursar en mobilidade un semestre ou un curso académico completo. Non se poderá conceder inicialmente un período de mobilidade superior ao máximo establecido no acordo bilateral existente entre a USC e a universidade de acollida. Eses acordos son acordos de máximos; polo tanto, permiten que as prazas anuais sexan ocupadas por estudantes que realicen unha mobilidade semestral.

1.5.1. Para poder ser considerada unha mobilidade Erasmus+ de estudos, esta deberá ter unha duración mínima de 2 meses e máxima de 12 meses. Sen prexuízo do disposto no seguinte apartado e para os efectos da presente convocatoria, a mobilidade terá que estar rematada antes do 30 de setembro de 2025.

1.5.2. O programa Erasmus+ permite realizar máis dunha mobilidade Erasmus ao longo de cada nivel educativo (grao, máster e doutoramento) ata un máximo de 24 meses nas titulacións de Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria e de 12 meses no resto de titulacións impartidas pola USC. Para os efectos prácticos, ao estudiantado de Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria permíteselles realizar 4 semestres (consecutivos ou non) de mobilidade Erasmus+ durante o grao. O resto do estudiantado só poderá realizar un máximo de 2 semestres (consecutivos ou non) en mobilidade Erasmus+. O estudiantado tamén estará suxeito ás limitacións establecidas no seu plan de estudos, á normativa de permanencia e ao resto de normativa aplicable. Neste período máximo de 12 / 24 meses xa mencionado tamén se deben incluír posibles mobilidades Erasmus+ realizadas con anterioridade no mesmo nivel de estudos (tanto de estudos como de prácticas).

1.5.3. Ampliación de estadía: O estudiantado que teña concedida unha mobilidade para o primeiro semestre poderá solicitar unha ampliación da súa estadía a un curso completo unha vez iniciada a mobilidade. As mobilidades semestrais realizadas no segundo semestre non poderán ser ampliadas ao seguinte curso académico. Para solicitar esta ampliación a persoa interesada deberá recibir o consentimento por escrito do/a coordinador/a académico/a da USC e da universidade de acollida no formulario dispoñible para estes efectos. O estudiantado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á Oficina de Mobilidade cun mínimo dun mes de antelación á data de fin de estadía inicialmente prevista. A Oficina de Mobilidade devolverá ao/a estudante unha copia asinada do documento de modificación de duración da estadía, confirmando a ampliación. Só se aceptarán ampliacións de mobilidades do primeiro

semestre a curso completo. Unha vez concedida a ampliación, o estudiantado deberá tramitar cambios ao acordo de estudos para incluír nel as materias que cursará na universidade de acollida no segundo semestre, tendo en conta os requirimentos en canto a máximo e mínimo de créditos para mobilidades anuais. Dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, a USC resérvase o dereito a ampliar tamén a contía da axuda. Non obstante, non se garante este extremo.

1.5.4. Redución de estadía: O estudiantado que teña concedida unha mobilidade anual poderá reducir a duración da mesma por motivos académicos ou doutro tipo, ben no momento de aceptar a súa praza, ben posteriormente, empregando o formulario dispoñible para estes efectos. O estudiantado afectado deberá tramitar cambios ao seu acordo de estudos e adecuar a súa matrícula na USC ao novo período de mobilidade. Unha vez reducida a estadía non se poderá solicitar a ampliación da mesma.

SEGUNDA. AXUDAS ECONÓMICAS

2.1. Axudas da UE

A concesión dunha mobilidade Erasmus+ non implica automaticamente ter dereito a unha axuda económica. En todo caso, a concesión da axuda económica de mobilidade dependerá das posibilidades orzamentarias concedidas polo SEPIE á USC.

A contía da axuda económica vai parella ao período de mobilidade, ao país de destino e ao feito de cumprir ou non algún dos requisitos para ser considerado estudiantado con menos oportunidades, segundo o Anexo III da presente convocatoria. Trátase dunha cantidade fixa por número de meses de mobilidade, ata un máximo de meses que se determinará no momento de asinar o convenio financeiro dependendo da dispoñibilidade orzamentaria. Os meses de mobilidade son calculados en base ao certificado de fin de estadía que o estudiantado debe solicitar da súa universidade de acollida ao remate do período de mobilidade. As axudas da UE serán aboadas sen prexuízo de que ao remate da estadía se lle solicite ao estudiantado a devolución de parte da axuda económica recibida se estivo na universidade de acollida menos tempo do financiado.

A título informativo, a seguinte táboa recolle as contías das axudas concedidas pola UE no curso 2023/2024:

GRUPO DE PAÍSES DE DESTINO	Axudas da UE (Max. 9 meses)	
	Axuda ordinaria	Axuda para estudiantado con menos oportunidades
GRUPO 1 Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia	350 €/mes 1 semestre (5m): 1.750 € Curso completo (9m): 3.150 €	600 €/mes 1 semestre (5m): 3.000 € Curso completo (9m): 5.400 €
GRUPO 2 Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	300 €/mes 1 semestre (5m): 1.500 € Curso completo (9m): 2.700 €	550 €/mes 1 semestre (5m): 2.750 € Curso completo (9m): 4.950 €
GRUPO 3 Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	250 €/mes 1 semestre (5m): 1.250 € Curso completo (9m): 2.250 €	500 €/mes 1 semestre (5m): 2.500 € Curso completo (9m): 4.500 €

Esta axuda da UE non terá que ser solicitada polo/a estudante, senón que a USC, como entidade colaboradora, solicitará e, no seu caso, aboará ao estudiantado.

2.2. Axudas da Xunta de Galicia

De xeito complementario ás axudas da UE, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia pode conceder axudas económicas ao alumnado de calquera das universidades desta comunidade autónoma que teñan concedida unha axuda Erasmus+. Ata a actualidade, a Consellería exclúe destas axudas ao estudiantado de máster e a aquel que xa tivese obtido esta axuda en cursos anteriores. A Oficina de Mobilidade informará puntualmente ao estudiantado Erasmus+ da publicación destas axudas, que deben ser solicitadas directamente pola persoa interesada á Consellería, conforme ao procedemento establecido nas bases da convocatoria.

2.3. Axudas do Banco Santander

O estudantado seleccionado para realizar unha mobilidade Erasmus+ no curso 2024/2025 poderá optar ás axudas complementarias convocadas polo Banco Santander. Para iso deberá formalizar a súa solicitude a través da plataforma de axudas de dita entidade antes do 19/03/2024. Trátase dunha axuda competitiva que será outorgada a un número limitado de estudantes, baseando a concesión na cualificación media do seu expediente académico. A USC concederá previsiblemente 2 axudas de 1.000 € e 28 axudas de 500 €. O alumnado seleccionado para realizar unha mobilidade Erasmus+ será informado no seu momento dos trámites que precisa facer para formalizar a solicitude desta axuda.

2.4. O alumnado seleccionado que posúa axudas ou préstamos de carácter nacional, seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro, agás que a convocatoria da axuda da que se trate estableza a súa incompatibilidade.

2.5. A USC, como mera entidade colaboradora, non garante a existencia nin determina as contías nin a duración das axudas recollidas nos parágrafos anteriores. Estas son mencionadas a efectos informativos e, en ningún caso, comprometerán legalmente á USC. A USC tampouco será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polo/a estudante durante o período da súa mobilidade.

TERCEIRA: REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

3.1. Nesta convocatoria poderá participar o alumnado matriculado na USC no curso 2023/2024 para realizar estudos oficiais de grao ou másteres oficiais de máis de 60 créditos ECTS. O estudantado seleccionado para unha mobilidade deberá formalizar matrícula na USC na mesma titulación no curso 2024/2025.

3.2. Exclúese expresamente ao estudantado de másteres de 60 ECTS e de doutoramento, así como ao alumnado que remate algunha das titulacións do parágrafo anterior no curso 2023/2024.

3.3. Tamén queda excluído da convocatoria o estudantado matriculado na USC en virtude de convenios ou programas de mobilidade.

3.4. No caso das titulacións de grao, serán excluídos do proceso de selección os/as candidatos/as que non teñan superado o 15% dos créditos do título. Este requisito deberá cumprirse con data 31/10/2023, non entrando no cómputo os créditos superados no curso 2023/2024.

Considerarase que o estudantado que teña solicitado recoñecemento de créditos cumpre este requisito se na data de peche da convocatoria figuran como superados no seu expediente académico como mínimo o 15% dos créditos da titulación.

O requisito de ter superado o 15% dos créditos non será de aplicación para o alumnado que inicie unha segunda titulación da mesma rama de coñecemento ou afín á que

rematou o curso anterior. Así, por exemplo, non rexerá este mínimo naqueles casos en que o/a estudante teña superado previamente un *minor* e estea a cursar un *maior* dos graos impartidos pola Facultade de Filoloxía.

3.5. As persoas candidatas deben estar matriculadas como estudantes ordinarios na USC, independentemente da súa nacionalidade. As persoas que teñan nacionalidade comunitaria ou de terceiros países deberán contar cun Número de Identificación de Etranxeiros (NIE), que lles será requirido pola Oficina de Mobilidade no seu momento.

3.6. O estudantado deberá acreditar, antes do remate do prazo de solicitude, o coñecemento da lingua indicada para cada universidade de acollida no Anexo I, que poderá ser alemán, francés, inglés, italiano ou portugués. O nivel mínimo esixido a todas as persoas solicitantes será o B1 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MCER). Non obstante, certas universidades de destino poden esixirlles ás persoas candidatas un nivel de idioma superior, ou incluso telo acreditado cun certificado ou diploma oficial específico. As prazas para as que no Anexo I se esixe un nivel superior a B1 só poderán ser asignadas a estudantado que acredite ese nivel coa súa solicitude.

3.7. Para poder participar na convocatoria, admitiranse como títulos oficiais acreditativos do nivel de idioma os recollidos na listaxe de títulos e certificados que figuran no Anexo II da convocatoria. O alumnado deberá cargar ditos certificados na súa solicitude en liña seguindo as instrucións facilitadas nas distintas pantallas. Os certificados orixinais en papel poderán ser requiridos pola Oficina de Mobilidade en calquera fase do procedemento.

3.8. Se o alumnado non posúe un certificado dos que figuran en dita listaxe, deberá facer constar a superación da proba do CLM parte A do nivel B1 (B1.A), nivel B2 (B2.A) ou C1 (C1.A) daqueles idiomas que pretenda acreditar antes do peche d convocatoria. Poderá facelo marcando o apartado correspondente na solicitude en liña. Para acreditar o nivel para esta convocatoria só se terán en conta as probas do CLM realizadas ata o peche da presente convocatoria.

3.9. Non se lles esixirá acreditar o nivel de idioma a aquelas persoas que teñan como lingua materna a esixida para a universidade na que desexan realizar a mobilidade. Esta circunstancia deberase indicar e acreditar no momento de realizar a solicitude mediante unha copia do pasaporte ou da tarxeta de identidade estranxeira.

3.10. Tamén está exento de acreditar o coñecemento de idioma o estudantado das titulacións recollidas na Resolución Reitoral de 05/06/2015, que teñan superadas as materias ou módulos necesarios para que se lles recoñeza o nivel B1, B2, C1 ou C2. Esta Resolución Reitoral está dispoñible en: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/13501>.

3.11. Tamén está exento de acreditar o coñecemento de idioma o estudantado das diferentes titulacións filolóxicas que opte a prazas en universidades nas que a lingua de instrución coincida coa dos seus estudos e que teña aprobado un mínimo de 12 créditos en materias da lingua instrumental.

3.12. Corresponderalle ás comisións de asignación dos centros comprobar que as persoas candidatas teñen superadas as materias necesarias para poder aplicarlle algunha das exencións recollidas nas bases 3.9. e 3.10.

3.13. Os requisitos xerais e lingüísticos para participar na convocatoria deben posuírse no momento que expire o prazo de presentación de solicitudes e deben manterse durante todo o tempo que dure o período de mobilidade.

3.14. Serán excluídas de oficio as candidaturas do alumnado que, resultando seleccionado en anteriores convocatorias de mobilidade da Oficina de Mobilidade ou do antigo SRE, non presentase en prazo ou forma a súa aceptación ou renuncia formal ou renunciaran sen causa xustificada fóra de prazo.

3.15. Tamén se excluirán de oficio as candidaturas do estudantado que xa teña realizado unha ou varias mobilidades Erasmus+ de duración total superior a 20 meses no caso dos graos en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria e superior a 7 meses no resto das titulacións. Nos casos en que o estudantado solicitante estea facendo ou vaia facer unha mobilidade Erasmus+ no curso académico 2023/2024, condicionarase a concesión da nova mobilidade á duración da estadía no presente curso.

CUARTA: SOLICITUDES

4.1. Só se aceptará a solicitude realizada en liña, que estará dispoñible na Secretaría Virtual do estudantado da USC. O prazo de presentación de solicitudes abrangue dende o **12 de decembro 2023 (00:00h) ata o 29 de decembro de 2023 (23:59h)**.

4.2. Na solicitude, as persoas candidatas farán constar os idiomas que acreditan e o código IBAN da conta bancaria na que desexan recibir a axuda da UE. Esta conta deberá ser dunha entidade bancaria radicada en territorio español e a persoa interesada deberá ser titular da mesma.

4.3. O estudantado ten a obriga de cargar na solicitude en liña toda a documentación requirida (documentos escaneados en formato PDF, RTF, DOC, DOCX, ODT ou JPG; Peso máximo 1 MB):

- a. Certificacións ou títulos que acrediten o coñecemento de linguas estranxeiras (nivel B1 ou superior), de ser o caso.
- b. Documento que acredite a nacionalidade do país de acollida a efectos da exención para a acreditación do coñecemento de idioma.

4.4. O alumnado que non realice a súa solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual non será admitido ao proceso de selección. Nos casos nos que, por motivos técnicos imputables á USC, non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito no Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>) dirixido á Oficina de Mobilidade indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude, a candidatura non será admitida ao proceso de selección.

QUINTA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN: PRIMEIRA FASE - ELIXIBILIDADE

5.1. O procedemento de selección estrutúrase en dúas fases. Nunha primeira fase comprobarase a elixibilidade das persoas candidatas para descartar aquelas que non cumpran os requisitos para poder participar na convocatoria.

5.2. O estudantado que na súa solicitude non achegue a documentación esixida será excluído na listaxe provisional de candidaturas admitidas ao proceso de selección. Non obstante, disporá dun prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional para emendar a súa solicitude achegando os documentos á Oficina de Mobilidade a través do Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>).

5.3. O estudantado de dobres titulacións disporá do mesmo prazo para comunicarlle á Oficina de Mobilidade a través do Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>) que desexa ser asignado ao segundo centro que intervéñ na súa titulación e non ao centro coordinador, de ser o caso.

5.4. Transcorridos os 5 días de prazo de emenda, publicarase a listaxe definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas.

SEXTA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN: SEGUNDA FASE - ASIGNACIÓN DE DESTINOS

6.1. Nunha segunda fase, os centros asignaranlle ao alumnado un destino en virtude dun procedemento público de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Nesta fase terase en conta, polo menos, o expediente académico, os coñecementos lingüísticos acreditados e a adecuación ao programa ou convenio de intercambio. En igualdade de condicións terá prioridade na concesión de destino aquel estudantado que non teña realizada unha mobilidade Erasmus+ con anterioridade. Non procederá a asignación de destino nos casos en que o alumnado non teña acreditado o respectivo idioma de docencia da universidade de acollida ou o nivel mínimo esixido por esta. Para o cálculo da media do expediente, conforme ao protocolo do SUG, terase en conta o expediente académico da persoa candidata a data 31/10/2023, excluídas as cualificacións correspondentes ao primeiro

semestre do curso 2023/2024. No caso do estudiantado de máster, terase en conta a cualificación media de admisión ao máster.

6.2. A comisión de asignación dos centros será presidida polo/a Responsable Académico/a de Mobilidade (RAM) e integrada por todos/as os/as coordinadores/as académicos/as e polo/a responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, que actuará como secretario/a.

6.3. Unha vez asignados os destinos, a comisión do centro publicará unha listaxe provisoria do alumnado seleccionado co destino asignado e, de ser o caso, dos/as suplentes. As persoas candidatas disporán dun prazo máximo de 5 días hábiles para presentar reclamacións contra esta lista perante o centro que realizou a asignación. As reclamacións serán resoltas pola mesma comisión e debidamente notificadas ás persoas reclamantes.

6.4. Transcorrido o prazo establecido polo centro sen que se presentase ningunha reclamación ou unha vez resoltas as presentadas, a lista de cada centro adquirirá a condición de definitiva e será remitida á Oficina de Mobilidade, que non admitirá posteriores cambios nos destinos.

6.5. Recibidas na Oficina de Mobilidade as listas definitivas de todos os centros, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización publicará unha proposta global e definitiva do estudiantado seleccionado e dos seus destinos. Contra esta relación definitiva poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o órgano convocante no prazo dun mes desde a súa publicación.

6.6. A adxudicación da praza de mobilidade por parte da USC non implica que a persoa solicitante sexa necesariamente aceptada na institución de destino.

SÉTIMA: ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

7.1. Tras a publicación da proposta global e definitiva, a Oficina de Mobilidade facilitará ao estudiantado seleccionado os impresos de aceptación e renuncia para os efectos de que acepten ou rexeiten a praza concedida nun prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da proposta definitiva. O estudiantado seleccionado ten a obriga de manifestar en tempo e forma a súa aceptación ou renuncia á praza concedida. A Oficina de Mobilidade poderá esixir ao alumnado a presentación da documentación orixinal da súa solicitude, se así o considerase necesario, e a aceptación da praza poderá estar suxeita á presentación desa documentación.

7.2. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen causa xustificada debidamente acreditada serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias da Oficina de Mobilidade. Aplicarase esta mesma penalización ao alumnado que non presente a súa aceptación ou renuncia por escrito dentro do prazo establecido.

7.3. O alumnado que acepte unha praza Erasmus+ para o curso completo non poderá seguir participando en convocatorias doutros programas de mobilidade da USC para o mesmo período. Este estudantado será excluído doutros programas de mobilidade convocados pola Oficina de Mobilidade aos que concorrese para o mesmo período de tempo, sen prexuízo de que deba presentar tamén a renuncia formal a ese programa. Non obstante, poderá aceptar unha praza Erasmus+ e optar a outra doutro programa de mobilidade dentro do mesmo curso académico se estas son para semestres distintos.

7.4. O estudantado que foi seleccionado para unha praza anual poderá aceptar esa praza por un único semestre. Este estudantado non poderá solicitar despois a ampliación da súa mobilidade.

7.5. O estudantado seleccionado para unha praza semestral só poderá aceptar a súa praza por un único semestre, pero terá dereito a solicitar a ampliación da mesma se realiza a mobilidade no primeiro semestre.

OITAVA: OBRIGAS DO ALUMNADO SELECCIONADO

8.1. Aceptada a mobilidade o estudantado seleccionado deberá seguir estes pasos:

- a. Poñerse en contacto co/a **coordinador/a académico/a** correspondente para recibir información sobre a universidade de destino, a súa oferta académica e o recoñecemento académico dos estudos que vai realizar durante o período de mobilidade. Este paso pode ser previo á asignación de destino.
- b. Completar e enviar á universidade de destino os formularios de **candidatura** (*application form*) co resto da documentación requirida por esta dentro dos prazos e na forma establecidos pola mesma. Isto é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.
- c. Elaborar, co asesoramento do/a seu/súa coordinador/a académico/a, un **acordo de estudos online** (*Online Learning Agreement, OLA*) a través da plataforma OLA (<https://learning-agreement.eu/>). Ao alumnado seleccionado seralle facilitado no seu debido momento un manual con instrucións detalladas para cubrir o acordo de estudos online. A data límite para ter creado e asinado polo estudantado o acordo de estudos en OLA é o **15 de maio de 2024** para as mobilidades do primeiro semestre ou de curso completo, e o **15 de outubro de 2024** para as mobilidades do segundo semestre. Non se admitirán a trámite acordos de estudo que non sexan xerados no OLA. Nos casos en que a universidade de acollida esixa empregar outro modelo ou ferramenta para a elaboración do acordo de estudos, o estudantado deberá facer igualmente o acordo de estudos a través do OLA.

- d. Realizar unha proba de avaliación lingüística do idioma no que se recibirá a docencia na universidade de acollida antes do comezo da mobilidade e unha segunda proba ao remate da mesma. O estudiantado seleccionado será informado debidamente sobre esta obriga pola Oficina de Mobilidade.
- e. A USC e cada persoa seleccionada asinarán un **convenio financeiro** cunhas cláusulas mínimas. Dito convenio seralle facilitado ao estudiantado no seu debido momento. O estudiantado ten a obriga de cumprimentar, asinar e proporcionar este documento á Oficina de Mobilidade e de conservar unha copia asinada por ambas partes. Este convenio deberá ser asinado en todo caso antes do inicio da mobilidade.
- f. A Oficina de Mobilidade proporcionará a cada persoa seleccionada o correspondente documento acreditativo de ser bolseiro/a Erasmus+ (**Credencial Erasmus+**) unha vez que o convenio financeiro estea asinado por ambas partes.
- g. A Oficina de Mobilidade poñerá a disposición do estudiantado seleccionado o modelo de **certificado de chegada** que deberá remitir a erasmus@usc.gal debidamente asinado e selado pola universidade de acollida nun prazo de 5 días hábiles desde o inicio da mobilidade.
- h. O alumnado ten a obriga de realizar na universidade de destino os estudos para os que se lle outorgou a axuda ata o remate do seu período de estudos. Se durante o período de vixencia da axuda o/a estudante decide acurtar a súa estadía, deberá comunicalo por escrito ao/á coordinador/a académico/a do centro e á Oficina de Mobilidade, así como á universidade de acollida. Así mesmo, deberá reintegrar a parte proporcional das axudas recibidas polo tempo que non estivo na universidade de acollida. Nestes casos, o estudiantado terá dereito a reincorporarse á docencia na USC sempre que comunique a súa decisión firme de renunciar a un ou ambos semestres de mobilidade antes do remate do prazo de modificación de matrícula establecido na convocatoria de matrícula da USC. Transcorrido ese prazo, non se garante que o estudiantado poida reincorporarse á docencia da USC con normalidade.
- i. Ao remate do período de mobilidade o estudiantado ten a obriga de regresar cunha cualificación, sexa de superación ou de suspenso, para un mínimo de 40 créditos ECTS (ou equivalentes) en estadías de curso completo e un mínimo de 20 créditos ECTS (ou equivalentes) en estadías dun semestre. O incumprimento desta obriga terá como consecuencia a exclusión do estudiantado afectado de calquera outra convocatoria de programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Mobilidade. Non obstante, se se acreditase a existencia dun suposto de forza maior que impidise a realización das actividades programadas e a presentación ás probas de avaliación, poderá solicitarse a admisión en futuras convocatorias, sempre e cando o suposto aparecera inmediatamente antes das probas e non se observe unha continuación prolongada da estadía durante a validez deste suposto.

- j. O alumnado terá dispoñible na web da USC o modelo de **certificado de fin de estadía** que deberá ser cumprimentado, asinado e selado polas persoas responsables da universidade de acollida antes do remate da estadía. O incumprimento desta obriga implicará a devolución da totalidade da axuda económica recibida. Este certificado orixinal deberá ser entregado na Oficina de Mobilidade no prazo dun mes despois de rematar a estadía e, en todo caso, antes do 1 de marzo de 2025 para as mobilidades do primeiro semestre e do 15 de setembro de 2025 para o resto de mobilidades. O estudiantado cuxa estadía finalice despois do 15 de setembro de 2025 e así conste no certificado de fin de estadía poderá presentar o certificado ata o 30 de setembro de 2025.
- k. O estudiantado ten a obriga de realizar ao remate da súa estadía un **informe final** a través da plataforma que a UE ten habilitada para este propósito (*EU Survey*). Este informe é obrigatorio e debe ser cumprimentado nun prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da invitación por email.

NOVENA: INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA SOBRE AS UNIVERSIDADES DE ACOLLIDA

9.1. A información sobre universidades de destino, estudos a realizar no estranxeiro e o seu recoñecemento académico solicitarase ben a través do/a RAM do respectivo centro ou ben directamente ás persoas responsables da coordinación académica das prazas, segundo se determine en cada centro. Non obstante, cómpre que o estudiantado consulte a páxina web da institución de acollida, onde atopará a información máis completa e actualizada, así como toda a información que lle facilite directamente a universidade de acollida.

DÉCIMA: ACORDO DE ESTUDOS ONLINE (*ONLINE LEARNING AGREEMENT*)

10.1. O estudiantado que resulte seleccionado para participar no programa Erasmus+ deberá, con carácter previo á súa incorporación á universidade de destino e contando co asesoramento e aprobación do/a seu/súa respectivo/a coordinador/a académico/a, formalizar un acordo de estudos a través da plataforma OLA (<https://learning-agreement.eu/>). O acordo de estudos inicial e as posibles modificacións do mesmo son a base do posterior recoñecemento de estudos e deberán ser aprobados pola coordinación académica, o/a RAM do centro e a Oficina de Mobilidade en nome da USC, e pola persoa responsable na universidade de acollida. No seu debido momento, proporcionaráselle información detallada ao estudiantado seleccionado sobre a elaboración e tramitación do acordo de estudos online.

10.2. O acordo de estudos terá carácter vinculante sempre que estea asinado pola USC e a institución de acollida e se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio, o plan de estudos do/a estudante e as normas de matrícula e permanencia. O acordo de estudos proposto polo/a estudante e o/a coordinador/a académico/a da USC poderá ser rexeitado pola institución de acollida. Se a universidade de acollida non acepta a

proposta de acordo de estudos, o estudiantado terá que reelaborar o seu acordo, aínda que xa teña rematado o prazo para a elaboración do mesmo. Unha vez asinado o acordo de estudos por ambas universidades, non se admitirán a trámite modificacións do mesmo antes da incorporación do estudiantado á universidade de acollida.

10.3. No acordo de estudos incluíranse as materias que se van cursar na universidade de destino (táboa A), así como as materias correspondentes ao plan de estudos que se están cursando na USC, e cuxo recoñecemento se vai obter como consecuencia da superación daquelas (táboa B).

10.4. O estudiantado poderá incluír materias suspensas no acordo de estudos consonte á Instrución 1/2013, da Secretaría Xeral da USC do 15 de maio de 2013 dispoñible en: <http://www.usc.es/es/perfis/internacional/normativa.html>. O alumnado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado, sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Por exemplo, un/unha estudante matriculado/a en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír tres materias suspensas dos cursos previos. Non poderá matricularse do resto das materias suspensas, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia realizar a mobilidade. As materias que aparecen no expediente como “Non presentado” non forman parte deste cómputo.

10.5. No acordo de estudos poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe “Créditos optativos xenéricos – programa de intercambio”, naqueles casos onde as materias que o estudiantado vaia cursar na universidade de acollida non coincidan coas materias da súa titulación na USC. O número de créditos optativos xenéricos ten que coincidir exactamente co número de créditos ECTS da materia na universidade de acollida. Na resolución de recoñecemento de estudos terá que figurar a denominación concreta e os créditos aplicables a cada materia realizada. Pódense incluír créditos optativos xenéricos na parte da USC, pero non na parte correspondente ás materias ou actividades a cursar na universidade de acollida. Estas teñen que estar claramente reflectidas no acordo de estudos. Non se poderán recoñecer por créditos optativos xenéricos os excedentes de créditos das materias cursadas en destino e que sexan recoñecidas contra materias da USC. A modo de exemplo: unha materia de destino de 9 ECTS non poderá ser recoñecida por unha da USC de 6 ECTS máis 3 créditos optativos xenéricos; só se poderán recoñecer os 6 ECTS da materia na USC.

10.6. As cualificacións trasladadas ao expediente académico serán as que figuren na certificación expedida pola universidade de destino, sen que se poida realizar ningún tipo de ponderación. Non serán recoñecidos estudos que non figuren no acordo de estudos, nin aqueles dos que o estudiantado non se matriculase previamente na USC.

10.7. O número de créditos que ordinariamente se incluírán no acordo de estudos é o equivalente a 60 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 30 ECTS

para un semestre. De forma excepcional e debido a circunstancias académicas acreditadas, para mobilidades anuais o alumnado poderá incluír no acordo un mínimo de 40 ECTS e un máximo de 75 ECTS (90 ECTS en dobres graos ou programas de simultaneidade). Para mobilidades semestrais, o alumnado poderá incluír excepcionalmente un mínimo de 20 ECTS e un máximo de 35 ECTS (45 ECTS en dobres graos ou programas de simultaneidade). Corresponderalle aos centros decidir se concorren as circunstancias académicas para que o estudantado poida incluír no acordo máis ou menos créditos dos ordinarios respectando os límites máximos e mínimos absolutos. Independentemente de que a USC permita cursar en mobilidade Erasmus+ máis ou menos créditos dos ordinarios, o acordo de estudos tamén terá que ser aprobado pola universidade de acollida, podendo esta rexeitar que o/a estudante curse alí máis ou menos créditos dos ordinarios.

10.8. O período de estudos poderá incluír unha formación práctica e traballos academicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos. Os traballos de fin de grao ou máster poderán defenderse ben na USC, ben na universidade de destino, segundo quede establecido pola regulamentación xeral de traballos de fin de grao/máster da USC e o regulamento do centro no que estea matriculado o alumnado.

10.9. O acordo de estudos poderase modificar ata un mes despois do comezo das clases na universidade de destino. A modificación seguirá o procedemento previsto para a elaboración do documento inicial, empregando a plataforma OLA. O estudantado que realice unha estada de curso completo terá un prazo adicional para a modificación do acordo de cara ao segundo semestre durante o primeiro mes dende o inicio do período lectivo do segundo semestre na universidade de acollida. Neste segundo prazo só se poderán modificar as materias que a universidade de acollida imparta no segundo semestre, quedando expresamente excluídas as impartidas no primeiro.

10.10. Rematado o prazo dun mes, a modificación do acordo de estudos só se autorizará por causas extraordinarias e debidamente xustificadas (por exemplo, o incumprimento das normas de matrícula ou permanencia ou cambios na oferta académica da universidade de acollida).

10.11. Toda modificación do acordo de estudos que afecte ás materias da USC levará aparellada a modificación da matrícula. Unha vez os cambios estean aprobados pola USC, darase traslado dos mesmos ao/á estudante, que deberá contactar coa UXA correspondente para solicitar a modificación da súa matrícula consonte aos cambios ao acordo de estudos aprobados.

DECIMOPRIMEIRA: MATRÍCULA

11.1. O alumnado deberá formalizar a matrícula na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos dentro dos prazos ordinarios establecidos. A matrícula na USC reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

11.2. As universidades estranxeiras de destino outorgarán matrícula gratuíta ao estudiantado seleccionado pola USC. Polo tanto, este non deberá pagar taxas académicas na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Non obstante, a institución de acollida poderá esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir custos de seguro, afiliación a sindicatos de estudantes e/ou uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio etc., nas mesmas condicións que os/as estudantes ordinarios/as desa institución.

11.3. Se o período de mobilidade é dun semestre, unicamente se poderá formalizar matrícula para render exame na USC nas materias cuadrimestrais que non se correspondan co semestre de mobilidade. O alumnado tamén poderá matricular os traballos de fin de grao e as prácticas para realízalos na USC sen telos incluídos no acordo de estudos, sempre e cando cumpran os requisitos regulares para facelo. O número máximo de créditos dos que se pode matricular o alumnado sumando as materias incluídas no acordo de estudos e as non incluídas é de 75 ECTS como norma xeral, e de 90 ECTS nas dobres titulacións ou programas de simultaneidade.

11.4. O estudiantado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos da universidade de destino e disporá das convocatorias de exame que esta teña establecidas. Non obstante, ao alumnado permitiráselle presentarse aos exames de segunda oportunidade na USC das materias cursadas na universidade de destino sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- a. Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- b. Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes aos da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso o alumnado poderá presentarse a exame na USC de materias das que estea matriculado/a na universidade de destino e que non existan no plan de estudos da súa titulación na USC.
- c. Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo, sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de presentación á segunda oportunidade deberá realizarse perante a coordinación académica por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do período de exames de segunda oportunidade. A

coordinación académica comprobará que a solicitude reúne os requisitos e remitiráa ao centro con informe favorable ou desfavorable. O/A RAM autorizará ou desestimarará a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e comunicarao con antelación suficiente ao/á profesor/a responsable da materia antes da avaliación e á persoa interesada. A unidade de apoio á xestión de cada centro comunicará á UXA correspondente a relación do estudiantado que se vai acoller a esta posibilidade para que esta lle retire a condición de estudante de intercambio na acta e que poida ser cualificado/a.

11.5. De xeito complementario ao seguro escolar de subscrición obrigatoria para todo o estudiantado da USC, o alumnado seleccionado para unha mobilidade Erasmus+ terá que subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que ten establecido a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de acollida. A contratación de dito seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada dende a Secretaría Virtual do alumnado.

DECIMOSEGUNDA: ADMISIÓN NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

12.1. Para ser admitidos/as como estudantes Erasmus+ na universidade de acollida, os/as estudantes deberán realizar todos os trámites administrativos que esta determine de acordo coas súas propias normas de organización. Na maioría das universidades de acollida é preciso facer unha solicitude de admisión como estudante Erasmus+ (*Erasmus application form*) con moita antelación ao período de mobilidade. É responsabilidade única e exclusiva do estudiantado facer a súa solicitude de admisión en tempo e forma. Os casos en que o estudiantado non sexa admitido por non presentar a súa solicitude en tempo ou consonte ás esixencias da universidade de acollida serán considerados renuncias fóra de prazo e implicarán unha penalización para futuras convocatorias de programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Mobilidade.

DECIMOTERCEIRA: RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECIMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS

13.1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, o estudiantado deberá solicitar do órgano competente nesa universidade a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias, os créditos obtidos e a cualificación acadada. No caso de cualificacións emitidas en formato dixital polas universidades estranxeiras, estas só se considerarán válidas nos casos en que se poida comprobar a súa autenticidade por medios electrónicos ou no caso de que sexan enviadas por email directamente dende as universidades de acollida aos decanatos ou á Oficina de Mobilidade (aínda que non teñan certificado dixital). Non se admitirán acreditacións electrónicas procedentes en exclusiva dos/as propios/as discentes. É responsabilidade do estudiantado conseguir

esa certificación, que é imprescindible para poder realizar o recoñecemento dos seus estudos realizados fóra da USC. A USC non se responsabilizará naqueles casos onde o estudiantado, debido a unha recepción tardía do certificado académico da universidade de acollida, non poida cumprir con prazos (por exemplo, de admisión en másteres, TFG/TFM, prácticas etc.) do mesmo ou seguinte curso académico.

13.2. Non serán recoñecidos estudos realizados que non figuren no acordo de estudos, nin daqueles dos que o/a estudante non se matriculase previamente, sen prexuízo de que se poidan facer constar no Suplemento Europeo ao Título (SET).

13.3. Recibida a certificación académica oficial da universidade de destino, o/a coordinador/a académico/a fará chegar á unidade de apoio á xestión do centro a proposta de resolución de recoñecemento de estudos. A proposta fixará as materias para as cales se propón o recoñecemento, o número de créditos e as cualificacións acadadas, que en ningún caso poderán ser diferentes das que figuren na certificación académica oficial expedida pola universidade de destino. Dende a unidade de apoio á xestión verificarase que se corresponde co recollido no acordo de estudos, coa matrícula formalizada e coa certificación académica oficial da universidade de destino.

13.4. Para o recoñecemento e, en especial, para o establecemento da equivalencia de cualificacións, estarase ao disposto na normativa vixente aprobada pola USC.

13.5. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola unidade de apoio á xestión do centro ao/á decano/a ou director/a do mesmo para que se emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada á persoa interesada e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións académicas orixinais para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios da USC e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poidan incluír. A resolución de recoñecemento debe trasladar as cualificacións outorgadas ao sistema español tal como veñen recollidas na certificación emitida pola universidade de acollida.

13.6. O recoñecemento dos estudos queda supeditado ao cumprimento de todas as obrigas por parte do estudiantado Erasmus+. En caso de que o/a estudante teña que devolver parte do importe da axuda recibida, o recoñecemento académico non se tramitará ata que se produza a devolución.

DECIMOCUARTA

14.1. A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

14.2. Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou a presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)
A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización
María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/12/2023 13:07:03.

CSV: BD50-5989-4AC4-AE6C